

ACTA NÚMERO: 39/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 21 de novembro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes de Secretaría da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 14 de novembro de 2024 (Reunión 38/2024).*
2. *Aprobación da valoración técnica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II, para autoconsumo no edificio polideportivo e piscina municipal do concello de Caldas de Reis, correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2024049524).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II, para autoconsumo no edificio polideportivo e piscina municipal do concello de Caldas de Reis, correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2024049524).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do sistema dinámico de adquisición convocado para a contratación da subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da finca Mouriscade. (Expte.- 2024062361).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez,



Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 14 de novembro de 2024 (Reunión 38/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 14 de novembro de 2024 (Reunión 38/2024).

2. Aprobación da valoración técnica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 18 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 24/10/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de novembro de 2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes a “documentación administrativa”, sendo a única empresa que achega oferta e admitida a licitación a seguinte:

- SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361)

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de novembro de 2024 tamén procedeu á apertura dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Novas tecnoloxías, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Técnico Medio de Administración Xeral, D. José Ramón Pérez González, por delegación do xefe do servizo de Novas tecnoloxias, Damián Rey Rodríguez (RP 2024003310), con data 15/11/2024, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polo único licitador, figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

SEGURIDAD DI-SEYS SL

CRITERIOS	Máximo	SEGURIDAD DI-SEYS SL
Xestión de incidencias	5,00	3,00
Conexión a Central Receptora de Alarmas	3,00	3,00
Plan de traballo	9,00	9,00
Plan de calidade	5,00	2,50
Seguimento e informes	3,00	0,50
TOTAIS	25,00	18,00

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polo Técnico Medio de Administración Xeral, D. José Ramón Pérez González, do Servizo de Novas Tecnoloxias de data 15/11/2024, acorda:

- Prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa SEGURIDAD DI-SEYS SL admitida no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, que obtén unha puntuación total de 18 puntos, chegando a alcanzar o mínimo esixido do 50% da puntuación máxima asinable segundo o PCAP para poder optar á apertura do sobre "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática.

3. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).

O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre "B" pola empresa admitida ao procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, sendo esta a seguinte:

CRITERIOS	SEGURIDAD DI-SEYS SL
Xestión de incidencias	3,00
Conexión a Central Receptora de Alarmas	3,00
Plan de traballo	9,00
Plan de calidade	2,50



Seguimento e informes	0,50
TOTAIS	18,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" da empresa que acadara unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (18,00 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

SEGURIDAD DI SEYS SLU (B-32149361)

Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	63.500,00 €
IVE (21 %):	13.335,00 €
Importe total ofertado:	76.835,00 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II, para autoconsumo no edificio polideportivo e piscina municipal do concello de Caldas de Reis, correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2024049524).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024008406 de 30/10/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende a seguinte actuación: Instalación de paneis



fotovoltaicos para autoconsumo no edificio polideportivo e piscina municipal de concello de Caldas de Reis.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30/10/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

	EMPRESAS	NIF
1	INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	B70115902
2	PSM COONECT SYSTEMS, S.L.	B98795511
3	SETGA, S.L.	B36699064
4	ECOGAL ENERGIAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGETICA SL	B27371806
5	GRUPO ECOSAR, S.L.	B33926619
6	ELECTRICIDAD HERMANOS REQUEJO, S.L.	B36164143
7	MONCOBRA, S.A.	A78990413
8	COVERSUN SOLUTIONS SLU	B94200177

5. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II, para autoconsumo



no edificio polideportivo e piscina municipal do concello de Caldas de Reis, correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2024049524).

A Mesa de Contratación na reunión do día 21/11/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

	EMPRESAS	NIF
1	INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	B70115902
2	PSM COONECT SYSTEMS, S.L.	B98795511
3	SETGA, S.L.	B36699064
4	ECOGAL ENERGIAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGETICA SL	B27371806
5	GRUPO ECOSAR, S.L.	B33926619
6	ELECTRICIDAD HERMANOS REQUEJO, S.L.	B36164143
7	MONCOBRA, S.A.	A78990413
8	COVERSUN SOLUTIONS SLU	B94200177

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre "B" que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

6. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática, do sistema dinámico de adquisición convocado para a contratación da subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da finca Mouriscade. (Expte.- 2024062361).

O Secretario da Mesa de Contratación informa por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2024, aprobou o expediente para implementar un Sistema Dinámico de Adquisición para contratar a subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscade, acordando o inicio



da fase I de selección de candidatos, no que especificarán a que categorías desexan ser admitidos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea en data 22/10/2024, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 22/10/2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación determinará a aceptación ou non aos licitadores en base ao cumprimento dos criterios de selección, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás empresas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

A continuación, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada polas empresas candidatas no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

Candidaturas presentadas		TRIANGLE HOLSTEIN S.L. B63425136	XENÉTICA FONTAO S.A. A27222207	SEMEX ESPAÑA, S.A. A31292923
DOCUMENTACIÓN	ROLECE	NON	SI	NON
	Solicitud de adhesión Anexo I.	✓ Categorías I, II, III, IV	✓ Categorías I-II-III-IV	✓ Categorías I-II-III-IV
	Declaración responsable	✓	✓	✓
	Capacidade para contratar	✓ Escritura de constitución SRL	✓	✓ Escritura de constitución S.A.
	Solvencia económica: Volume anual de negocios ≥ 102.375,00 euros.	✓ Imposto de sociedades modelo 200	No achega documentos para acreditar I solvencia económica	✓ Importe neto cifra de negocios Deposito de contas RM
	Solvencia técnica			✓



Relación das principais subministracións últimos anos \geq 47.775,00 euros, sen IVE.	Faltan certificados para acreditar a solvencia técnica	Faltan los certificados para acreditar a solvencia técnica	
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	Intermediación ok	Intermediación ok	Intermediación OK
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	Intermediación ok	Intermediación ok	Intermediación OK
Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	✓	✓	✓

A Mesa de Contratación acorda:

1. Facultar ao Secretario da Mesa para que proceda a requirir, mediante comunicación electrónica, ás empresas TRIANGLE HOLSTEIN S.L (B63425136) e XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207), para que, nun prazo de tres días naturais, poidan emendar os defectos advertidos na documentación achegada.
2. Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que as empresa licitadoras desisten da súa inclusión no sistema dinámico de adquisición convocado para a contratación da subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da finca Mouriscade.

Unha vez finalizada a avaliación, confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e once minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

